

Sábado 6 de marzo de 2010, Eira da Xoana (Ramil). Por fin este pasado sábado o tempo acompañounos na Eira da Xoana e puidemos realizar a primeira aproximación á **cestería**. Foi entón posible deixar a tarde do venres seis mollos de bimbios no río, para que colleran a sazón coa auga e estiveran máis flexíbeis. Poidemos logo preparar unha **exposición de ferramentas** de cestería e unha boa colección de cestos e elementos elaborados coas mesmas técnicas de tecido. Xerras, sombreiros, coroza, cestos ornamentais, cesto culeiro, cesta da asa, etc. Os obxectos tiñan a súa orixe tanto en diversos lugares do noso país como en outros puntos do mundo.



A primeira parte da mañá adicámola a unha **charla-presentación** sobre o presente da cestería na Galiza, os tipos de cestos, os vexetais empregados como materias primas, as técnicas máis común adicandollen un apartado especial aos os cabaceiros. Os cabaceiros son unhas construcción ata hai ben pouco abundantes na Ulloa que se destinaban a gardar o millo. Ás veces como un apoio ou complemento ao propio hórreo. Elaborados con varas de carballo, salgueiro e cuberta de palla constitúen uns singulares elementos do **patrimonio cultural** do rural galego.

